

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

12994 LEI 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. («BOE» 157, do 2-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento de Galicia aprobou, en sesión que tivo lugar o 21 de novembro de 2000, a remisión ás Cortes Xerais da proposición de Lei de declaración do Parque Nacional das Illas Atlánticas, na que se incluían os arquipélagos das illas Cíes, Ons e Sálvora.

A protección destes arquipélagos iniciouse nos anos oitenta ó se declarar, mediante o Real decreto 2497/1980, o Parque Natural das Illas Cíes polas súas singulares características de flora, fauna e paisaxe. Posteriormente, a Xunta de Galicia elaborou o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas, aprobado polo Decreto 274/1999, do 21 de outubro, no que ademais das Illas Cíes se incluíron os arquipélagos de Ons e Sálvora, co fin de conserva-la integridade dos ecosistemas presentes nestas illas.

Por outra parte, a existencia de valores naturais, culturais e etnográficos de grande interese no arquipélago de Cortegada, situado na ría de Arousa, postos de manifesto no proceso de elaboración do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do dito espazo natural, aconsella a ampliación dos límites propostos para incluí-lo dito arquipélago no Parque Nacional.

A singularidade e riqueza faunística das Illas Atlánticas, a variedade de formacións vexetais, a espectacularidade paisaxística do interese xeomorfolóxico constitúen un patrimonio natural e cultural de indubidable valor científico, recreativo e educativo, que xustifica declarar de interese xeral da Nación a súa conservación, configurando este espazo natural como parque nacional, incluído na rede integrada polos ditos parques.

A declaración como parque nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, así como a súa inclusión na rede de parques nacionais, supón a incorporación a esta dunha selección das mellores mostras do patrimonio natural español correspondente ás costas atlánticas que, malia estaren incluídas no anexo da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, son uns dos sistemas naturais españois non representados ata a data na rede de parques nacionais.

Por último, dado que o espazo físico do parque inclúe tanto zonas terrestres coma mariñas, esta lei prevé as medidas necesarias para a coordinación das competencias sobre ámbolos ámbitos.

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Declárase o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, considerándose a súa conservación de interese xeral da Nación, e intégrase na rede de parques nacionais de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.

2. A declaración das Illas Atlánticas como parque nacional ten por obxecto:

a) Protexe-la integridade de ecosistemas ligados a zonas costeiras e á plataforma continental da rexión eurosiberiana.

b) Asegura-la conservación e recuperación, se é o caso, dos hábitats e as especies, así como a preservación da diversidade xenética.

c) Asegura-la protección, recuperación, fomento e difusión dos seus valores ambientais e do seu patrimonio natural, regulando de forma compatible coa súa conservación tanto a actividade investigadora e educativa coma o acceso dos visitantes.

d) Promover e apoiar no interior do parque as actividades tradicionais compatibles coa protección do medio natural.

e) Achegar ó patrimonio común unha mostra representativa do ecosistema litoral da rexión eurosiberiana, incorporando o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia ós programas nacionais e internacionais de conservación da biodiversidade.

Artigo 2. *Ámbito territorial.*

1. O Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia comprende o ámbito territorial incluído dentro dos límites que se describen no anexo desta lei.

2. O Goberno, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente ou da Xunta de Galicia, logo de informe favorable da comisión mixta de xestión, poderá incorporar ó Parque Nacional espazos do mesmo ámbito xeográfico e de similares características ós incluídos no Parque Nacional cando:

a) Sexan patrimoniais do Estado.

b) Sexan de dominio público do Estado.

c) Sexan expropiados para o cumprimento dos fins declarativos do Parque Nacional.

d) Sexan achegados polos seus propietarios para a consecución dos ditos fins.

Artigo 3. *Área de influencia socioeconómica.*

1. Declárase como área de influencia socioeconómica do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, para os efectos do previsto na Lei 4/1989, do 27 de marzo, o territorio dos termos municipais nos cales se encontra situado o Parque Nacional e que se mencionan no anexo desta lei.

2. Os municipios e as persoas físicas e xurídicas incluídas na área de influencia socioeconómica pode-

ranse beneficiar do réxime de subvencións e compensacións que, en desenvolvemento dos artigos 18.2 e 22 quáter da Lei 4/1989, estea establecido regulamentariamente para a rede de parques nacionais.

3. Co obxecto de asegura-la compatibilidade cos obxectivos desta lei e a preservación das actividades tradicionais compatibles que se desenvolven no interior do Parque Nacional, a comisión mixta de xestión elaborará un plan para a súa conservación. O citado plan deberá someterse a informe do Padroado do Parque Nacional e ser aprobado polas administracións competentes.

Artigo 4. *Réxime xurídico de protección.*

1. No Parque Nacional manteranse e apoiaranse aqueles usos e actividades tradicionais que, tendo contribuído historicamente a conforma-la paisaxe, sexan declarados compatibles e regulado o seu desenvolvemento no plan rector de uso e xestión.

Non obstante, quedan prohibidos no interior do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia todos aqueles usos e actividades que alteren ou poñan en perigo a estabilidade dos ecosistemas ou a integridade dos seus compoñentes.

Exceptúase da prohibición anterior a pesca artesanal de carácter profesional, que se realizará, sempre supe-ditada á conservación dos recursos naturais, de acordo cos obxectivos xerais desta lei.

En todo o ámbito do Parque Nacional, sen prexuízo do desenvolvemento ulterior do plan rector de uso e xestión, non se poderán realizar actividades que signifiquen deterioración ou alteración das condicións naturais do medio e especificamente as seguintes:

a) O abandono de residuos e as verteduras de calquera índole, en especial de produtos tóxicos ou perigosos.

b) As acampadas fóra dos lugares destinados para ese fin.

c) A circulación de vehículos de motor, excepto por persoal autorizado, ou para a realización de traballos de xestión e mantemento do espazo.

d) A creación de infraestructuras e equipamentos non previstos no plan de ordenación dos recursos naturais e no plan rector de uso e xestión.

e) A instalación de parques eólicos e a actividade extractiva de recursos mineiros e areas.

f) A actividade industrial ou calquera outra de singular incidencia na zona que non cumpra as regulacións do plan de ordenación dos recursos naturais e dos seus instrumentos de desenvolvemento e execución.

g) A sinalización publicitaria sen autorización do órgano administrativo correspondente.

h) A realización de calquera actividade que poida supo-la destrución, deterioración ou transformación dos elementos naturais singulares da zona.

i) As plantacións ou a introducción de especies que non cumpran os requisitos contidos no plan de ordenación dos recursos naturais.

j) A realización de calquera outra actividade contraria ás disposicións do plan de ordenación dos recursos naturais ou, se é o caso, do plan rector de uso e xestión.

k) A navegación polo interior das augas do Parque Nacional limitárase á necesaria para o cumprimento dos requirimentos da defensa nacional, a pesca artesanal, a derivada do uso público e da xestión do Parque Nacional, así como do cumprimento dos convenios de seguridade e salvamento no mar.

l) A práctica do submarinismo, salvo autorización expresa nos termos e condicións que estableza o plan rector de uso e xestión, concedida con fins de investigación, conservación e, se é o caso, uso público.

m) O amarre e atracada de embarcacións, salvo autorización expresa nos termos e condicións que estableza o plan rector de uso e xestión.

2. Serán indemnizables as limitacións que, como consecuencia do cumprimento dos fins desta lei, se puidesen establecer sobre dereitos reais consolidados no territorio do Parque Nacional antes da súa declaración.

Tódolos terreos incluídos dentro do Parque Nacional se clasificarán como solo non urbanizable obxecto de especial protección ou clase equivalente regulada pola lexislación urbanística.

Con carácter xeral, os plans ou as normas urbanísticas adaptarán as súas previsións ás limitacións derivadas desta lei e ós instrumentos de planificación que se aproben en desenvolvemento e aplicación dela.

Artigo 5. *Utilidade pública.*

Declárase para tódolos efectos a utilidade pública e o interese social dos bens e dereitos afectos ó logro dos obxectivos pretendidos coa declaración do Parque Nacional.

A Administración competente poderá exercer-lo dereito de tanteo e retracto na transmisión onerosa inter vivos de bens e dereitos no interior do Parque Nacional, na forma e os prazos que establece o artigo 10.3 da Lei 4/1989.

Artigo 6. *Órganos de xestión.*

1. A xestión do Parque Nacional corresponderalles de forma compartida á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia, a través dunha comisión mixta de xestión, integrada a partes iguais por representantes de ámbalas institucións. A organización, o réxime de funcionamento e o desenvolvemento de funcións da comisión mixta de xestión ateranse ó establecido na Lei 4/1989.

2. A administración e a coordinación das actividades do Parque Nacional recaerán no seu director-conservador, que será nomeado polo Consello de Goberno da Xunta de Galicia, co acordo previo da comisión mixta de xestión, de entre funcionarios públicos. Unha vez nomeado, será adscrito, se non o estiver, ó organismo autónomo Parques Nacionais.

Artigo 7. *Padroado.*

1. Como órgano de participación da sociedade no Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia créase un padroado adscrito, para efectos administrativos, ó Ministerio de Medio Ambiente.

2. Compoñen o padroado:

a) Cinco representantes da Administración xeral do Estado, designados polo Goberno, catro por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, e un por proposta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Cinco representantes da Comunidade Autónoma de Galicia, designados pola Xunta de Galicia.

c) Un representante por cada un dos concellos no termo municipal dos cales estea situado o Parque Nacional.

d) Un representante de cada unha das universidades públicas de Galicia.

e) Un representante por cada unha das deputacións de Pontevedra e A Coruña.

f) Dous representantes dos propietarios dos terreos sitos no interior do Parque Nacional elixidos por eles mesmos.

g) Dous representantes das asociacións ecoloxistas que teñan por finalidade primordial a defensa da conservación da natureza.

h) Dous representantes das confrarías de pescadores relacionadas coas augas do contorno do Parque Nacional.

i) Un representante dos concesionarios existentes no parque.

j) O director-conservador do Parque Nacional.

k) Un representante da gardería do Parque Nacional elixido entre os seus membros.

3. O presidente do padroado será nomeado polo Goberno da Nación, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, co acordo previo da comisión mixta de xestión.

4. Exercerá as funcións de secretario do padroado, con voz e sen voto, un funcionario do organismo autónomo Parques Nacionais.

5. O padroado do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia exercerá as funcións establecidas no artigo 23 bis da Lei 4/1989.

Artigo 8. *Réxime económico.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente atenderá, con cargo ós orzamentos do organismo autónomo Parques Nacionais, os investimentos precisos para a execución das actividades de conservación e uso público do parque e, en xeral, as tarefas necesarias para a súa correcta xestión. A atención a estes pagamentos poderase completar coa achega de recursos orzamentarios da Xunta de Galicia, tal e como se determine no acordo de financiamento que oportunamente se estableza.

2. Ademais, terán a consideración de ingresos con capacidade para xerar crédito os procedentes de:

a) As cantidades percibidas pola prestación dos servizos que a administración do parque poida establecer, de acordo co plan rector de uso e xestión.

b) Os canons que graven as concesións outorgadas a terceiros para a explotación de determinados servizos, conforme estableza o plan rector de uso e xestión.

c) Todos aqueles ingresos derivados de autorizacións pola utilización de servizos no parque, na forma que determine o plan rector de uso e xestión.

d) As subvencións e achegas, tanto das administracións públicas como das entidades públicas e privadas, así como de particulares.

Artigo 9. *Instrumentos de programación e planificación.*

1. O instrumento para a planificación da xestión do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é o plan rector de uso público e xestión.

2. O plan rector de uso e xestión, que terá carácter plurianual, adecuarase ó establecido na Lei 4/1989.

3. Os plans sectoriais que se determinen no desenvolvemento do plan rector de uso e xestión serán elaborados pola comisión mixta de xestión. Igualmente, a comisión mixta de xestión aprobará o plan anual de traballos e investimentos, de acordo co establecido na Lei 4/1989.

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

1. O réxime xenérico de infraccións e sancións no Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia será o previsto no título VI da Lei 4/1989, do 27 de marzo.

2. Consideraranse, ademais, infraccións administrativas moi graves no ámbito do Parque Nacional:

a) A explotación e extracción de area.

b) A realización de calquera tipo de verteduras sólidas ou líquidas.

c) A construción ou remodelación de calquera tipo de infraestruturas permanentes, tales como camiños, edificacións, tendidos eléctricos e instalacións de tráfico terrestre ou aéreo sen autorización pertinente.

d) A alteración das condicións naturais do Parque Nacional ou elementos que lle son propios.

3. Consideraranse infraccións graves:

a) O incumprimento das prohibicións establecidas no plan de ordenación de recursos naturais e no plan rector de uso e xestión.

b) A realización de actividades cinexéticas e de pesca deportiva.

c) O incumprimento das condicións impostas nas autorizacións administrativas concedidas para levar a cabo algún tipo de actividade no interior do parque.

d) O incumprimento do réxime e cotas de acceso ó parque que fosen fixadas pola administración competente.

e) A navegación e a práctica do submarinismo nas augas do Parque Nacional, así como o fondeo e amarre nos arquipélagos, sen a autorización correspondente.

f) A pesca marítima á marxe das condicións establecidas nesta lei e nas disposicións regulamentarias que dela deriven.

4. Consideraranse infraccións leves:

a) A emisión de ruídos que perturben a fauna.

b) O incumprimento de calquera outro precepto da normativa do parque, salvo que este constituía a comisión de infracción administrativa recollida nesta lei ou na Lei 4/1989, do 27 de marzo.

5. No caso de que unha mesma conducta estea tipificada como infracción na lexislación pesqueira aplicable e nesta lei, a dita conducta cualificarase conforme a lexislación que prevexa a sanción máis grave. Nestes casos, a contía ou a duración da sanción incrementarase nun 25 por 100.

6. A competencia para impor sancións corresponderá:

a) Ó director-conservador do parque, para as infraccións leves.

b) Ó director do organismo autónomo Parques Nacionais, para as infraccións graves.

c) Ó presidente do organismo autónomo Parques Nacionais, para as infraccións moi graves.

Disposición adicional primeira.

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei quedará constituído o padroado do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Disposición adicional segunda.

No prazo dun ano elaborárase o plan rector de uso e xestión do Parque Nacional.

Disposición adicional terceira.

O Goberno establecerá o réxime de protección dos recursos pesqueiros nas augas do Parque Nacional, por proposta da comisión mixta de xestión e co informe favorable das administracións pesqueiras competentes e do padroado do Parque Nacional, sempre de conformidade cos obxectivos sinalados nesta lei e cos criterios previstos no plan director da rede de parques nacionais.

Disposición adicional cuarta.

Dáselles nova redacción ós seguintes artigos da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres:

Artigo 19.3

«3. Os plans rectores de uso e xestión dos parques nacionais serán aprobados pola Comunidade Autónoma correspondente ou pola Administración xeral do Estado no caso de parques nacionais situados no territorio de máis dunha Comunidade, co previo acordo favorable da comisión mixta de xestión, encargada da súa elaboración. Transcorrido un ano desde o acordo da comisión mixta de elevación para a súa aprobación e, en caso de non se ter producido esta, o Goberno poderá, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, proceder á súa aprobación.»

Artigo 22 quáter

«3. No caso de parques nacionais marítimo-terrestres, a súa área de influencia socioeconómica incluírá igualmente aqueles termos municipais costeiros que, mesmo sen lle achegar territorio ó parque, sexan inmediatamente adxacentes por mar ás illas nel incluídas e, en función de tal situación xeográfica, soporten instalacións propias del expresamente previstas no plan rector de uso e xestión.»

Artigo 23.5.c)

«c) Elaborar e, co informe previo do padroado, aproba-los plans sectoriais que, se é o caso, desenvolvan o plan rector de uso e xestión.»

Artigo 23 bis.6.c)

«c) Emitir informe sobre o plan rector de uso e xestión, as súas subseguintes revisións, así como sobre os plans sectoriais específicos derivados del, que lle propoña a comisión mixta de xestión.»

Artigo 23 ter.3

«3. O nomeamento de director-conservador recaerá nun funcionario de calquera Administración pública. Unha vez nomeado, será adscrito, se non o estiver, ó organismo autónomo Parques Nacionais.»

Disposición adicional quinta.

Incorpórase un novo artigo 23 quáter á Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre, coa seguinte redacción:

«Será pública a acción para esixir ante os órganos administrativos e os tribunais de xustiza a estricta observancia dos preceptos relativos ós parques nacionais existentes nesta lei, así como do establecido nas leis declarativas dos parques nacionais e nas disposicións que se dicten para o seu desenvolvemento e aplicación.»

Disposición adicional sexta.

Dada a existencia nas proximidades do Parque Nacional de territorios litorais estremeiros susceptibles de merecer ser avaliados de cara á súa posible inclusión nel, a comisión mixta de xestión incorporará entre os seus cometidos o de avaliala posibilidade das citadas

inclusións, elevando ós órganos responsables as propostas que de tal avaliación se puidesen derivar.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido nesta lei.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

Límites do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

1. Arquipélago das illas Cíes

O espazo marítimo-terrestre poligonal, configurado polos seguintes vértices:

ARQUIPÉLAGO DAS CÍES			
Punto	Denominación	X	Y
1	Norte Punta de Monteagudo (NE)	508.804	4.677.740
2	Sur Baixos de Carrumeiros (SE)	510.672	4.670.750
3	Sur Castros de Agoeiros (SO)	506.949	4.668.300
4	Illote de Biduídos (NO) ...	505.673	4.678.648

que rodea as illas de Monte Faro, Monteagudo e San Martiño, e illotes adxacentes. O dito arquipélago está situado na entrada da ría de Vigo, termo municipal desta localidade, e comprende unha superficie de 2.658 hectáreas marítimas e 433 hectáreas terrestres.

2. Arquipélago das illas Ons e Onza

O espazo marítimo-terrestre poligonal, configurado polos seguintes vértices:

ARQUIPÉLAGO DE ONS E ONZA			
Punto	Denominación	X	Y
1	Punta Centolo (NE)	506.776	4.694.993
2	Baixos Os Camoucos (E) .	507.742	4.693.313
3	Baixo Laxiña de Galera (SE)	506.129	4.668.300
4	Baixo Menguella (S)	503.943	4.685.855
5	Baixo Cabeza do Rico (OU)	503.233	4.691.413
6	Baixos de Bastián de Val (NO)	505.124	4.695.307

que rodea as illas de Ons e Onza, e illotes adxacentes. O dito arquipélago está situado na entrada da ría de Pontevedra, termo municipal de Bueu, e comprende unha superficie de 2.171 hectáreas marítimas e 470 hectáreas terrestres.

3. Arquipélago das illas de Sálvora e illotes do seu contorno

O espazo marítimo-terrestre poligonal, configurado polos seguintes vértices:

ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA			
Punto	Denominación	X	Y
1	Illas Sagres (NO)	494.676	4.707.294
2	Leste do Seixo de Vionta (E)	501.485	4.705.900
3	S Punta de Besugueiros (S)	499.430	4.698.782

e que rodea a illa de Sálvora e illotes adxacentes. O dito arquipélago está situado na parte occidental da ría de Arousa, termo municipal de Ribeira, e comprende unha superficie de 2.309 hectáreas marítimas e 248 hectáreas terrestres.

4. Illa de Cortegada, Malveiras e outras illas próximas

O espazo marítimo-terrestre configurado pola liña de preamar máxima viva equinoccial entre os puntos 1 e 2, e a poligonal recta entre os restantes vértices:

Vértice	Coordenada X	Coordenada Y
1	518.052	4.719.352
2	517.320	4.718.260
3	517.311	4.717.825
4	517.212	4.717.749
5	516.207	4.717.513
6	516.018	4.718.283
7	517.650	4.719.051

que rodea e inclúe a illa de Cortegada, Malveira Grande, Malveira Chica, Briás e Illote do Con. O dito conxunto está situado na ría de Arousa, no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, e comprende unha superficie terrestre de 43,8 hectáreas.

12995 LEI 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación. («BOE» 157, do 2-7-2002.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1

Desde que en 1967 se aprobou a primeira directiva de carácter ambiental, a protección e conservación do medio foi unha das principais inquietudes da Comunidade Europea, ata tal punto que acabou incorporándose ós tratados como unha verdadeira política comunitaria,

cun principal obxectivo que é o de prevención, de acordo coas previsións dos sucesivos programas comunitarios de acción en materia de ambiente e desenvolvemento sustentable.

Unha das actuacións máis ambiciosas que se puxeron en marcha no seo da Unión Europea para a aplicación do principio de prevención no funcionamento das instalacións industriais máis contaminantes foi a aprobación da Directiva 96/61/CE, do Consello, do 24 de setembro, relativa á prevención e ó control integrado da contaminación, mediante a que se establecen medidas para evitar, ou polo menos reducir, as emisións destas actividades na atmosfera, a auga e o solo, incluídos os residuos para alcanzar un nivel elevado de protección do ambiente considerado no seu conxunto.

Para facer efectiva a prevención e o control integrado da contaminación, a Directiva 96/61/CE supedita a posta en marcha das instalacións incluídas no seu ámbito de aplicación á obtención dun permiso escrito, que deberá concederse de forma coordinada cando no procedemento interveñan varias autoridades competentes. Neste permiso fixaranse as condicións ambientais que se esixirán para a explotación das instalacións e, entre outros aspectos, especificaranse os valores límite de emisión de substancias contaminantes, que se basearán nas mellores técnicas dispoñibles e tomando en consideración as características técnicas da instalación, a súa implantación xeográfica e as condicións locais do medio. Para estes efectos, e para facilita-la aplicación das anteriores medidas, a Directiva establece tamén un sistema de intercambio de información entre a Comisión Europea e os estados membros sobre as principais emisións contaminantes e as fontes responsables destas e sobre as mellores técnicas dispoñibles.

2

A incorporación ó ordenamento interno español da mencionada Directiva 96/61/CE lévase a cabo, con carácter básico, mediante esta lei, que ten, por tanto, unha inequívoca vocación preventiva e de protección do ambiente no seu conxunto, coa finalidade de evitar, ou, polo menos, reducir, a contaminación da atmosfera, a auga e o solo.

Para estes efectos, o control integrado da contaminación descansa fundamentalmente na autorización ambiental integrada, unha nova figura de intervención administrativa que substitúe e aglutina o conxunto disperso de autorizacións de carácter ambiental esixibles ata o momento, co alcance e contido que se determina no título III.

3

No título I establécense as medidas de carácter xeral, como o obxecto ou o ámbito de aplicación da lei, que se estende ás instalacións de titularidade pública ou privada nas que se desenvolve algunha das actividades industriais que se enumeran no anexo 1, por razóns de seguridade xurídica, se ben, de acordo coa Directiva 96/61/CE, as instalacións existentes disporán dun período de adaptación ata o 30 de outubro de 2007.

Non obstante, quedan fóra do ámbito de aplicación da lei as instalacións ou partes das instalacións utilizadas para a investigación, desenvolvemento e experimentación de novos produtos e procesos.

De igual modo, e seguindo a técnica lexislativa habitual das disposicións comunitarias, inclúense no artigo 3 unha serie de definicións de determinados conceptos que posteriormente aparecen ó longo do texto, o que